



**Procedemento para a xestión de prácticas externas do alumnado da
EPEF
(non aplicable a formación Dual)**

(Aprobado pola Comisión Académica da EPEF o 07 de febreiro de 2024)

Índice

| | |
|---|----------|
| Procedemento para a xestión de prácticas externas do alumnado da EPEF (non aplicable a formación Dual)..... | 3 |
| 1. Oferta, difusión e adxudicación das prácticas externas..... | 3 |
| 2. Procedemento de adxudicación do profesorado titor académico das prácticas | 3 |
| 3. Responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica | 4 |
| 4. Proceso para realizar e entregar os informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 592/2014 | 4 |
| 5. Xestión administrativa das prácticas na EPEF, recoñecemento académico e acreditación..... | 5 |
| 6. Garantía de calidade das prácticas..... | 5 |

Procedemento para a xestión de prácticas externas do alumnado da EPEF (non aplicable a formación Dual)

(aprobado en Comisión Académica EPEF 07/02/2024)

As prácticas externas son unha actividade de natureza formativa que ten por obxectivo permitir ao estudiantado aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica. As prácticas deben favorecer a adquisición de competencias que preparen ao estudiantado para o exercicio de actividades profesionais e, asemade, favorecer a súa empregabilidade, sempre baixo a supervisión da Universidade.

www.udc.es/es/emprego/practicas/

[Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña](#)

1. Oferta, difusión e adxudicación das prácticas externas

A información das ofertas de prácticas estará no grupo de Microsoft Teams creado a tal efecto. O código para unirse ao mesmo está a disposición na páxina web da EPEF, no apartado de Prácticas.

O alumnado interesado en participar nos distintos procesos selectivos para a realización de prácticas deberá presentar a correspondente solicitude á que acompañará a documentación que corresponder.

A listaxe de solicitudes, así como a documentación entregada polas persoas interesadas remitirse á entidade solicitante.

No caso de que a ordenación ou baremación das candidaturas corresponda á EPEF, a persona responsable das prácticas externas realizará esta tarefa atendendo á seguinte orde de prioridades:

- 1- Outorgarse prioridade aos estudiantes que realizan prácticas curriculares fronte ós que solicitan prácticas extracurriculares.
1. No referido as prácticas curriculares, terá prioridade o alumnado que deseñe realizar as prácticas externas como materia de carácter obligatorio; en segundo lugar, o alumnado das titulacións nos que apareza a materia de prácticas externas con carácter optativo.
2. Aquel/a alumno/a que rexeite unha oferta pasará a ocupar o último posto da listaxe de seleccionados (agás que acredite documentalmente o motivo do rexeitamento. Neste caso a situación será analizada e resolta pola dirección do centro).
3. Terá prioridade o alumnado que non fixo prácticas con respecto ós/ás que as fixeron.

2. Procedemento de adxudicación do profesorado tutor académico das prácticas

Corresponde á persoa coordinadora de cada título a tutoría académica do alumnado de prácticas externas, tanto curriculares coma extracurriculares, como contribución ó desenvolvemento do plan de estudos (**ver táboa titores académicos de prácticas externas**), non obstante, poderanse darse excepcións en situacións excepcionais a criterio do responsable de prácticas da EPEF.

A persoa responsable das prácticas de EPEF, unha vez está asignado un estudiante a unha determinada oferta, comunicará mediante correo electrónico ó docente elixido como titor académico esta circunstancia aos efectos de realizar esta titoría.

3. Responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica

O titor académico facilitará á entidade colaboradora a elaboración do proxecto formativo correspondente a cada estudiante, actuando de xeito coordinado cos profesionais da entidade colaboradora.

O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades para desenvolver. Os obxectivos estableceránse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o estudiante. Así mesmo os contidos da práctica definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias para adquirir os estudos cursados. Queda reflexado nun anexo ó convenio de cooperación educativa entre a UDC e a entidade colaboradora. Este anexo é específico para cada alumno e práctica. Un formulario deste documento: [anexo I](#).

O titor académico asinará en último lugar o documento [anexo I](#) refrendándoo.

Para poder ser levada a cabo a práctica, o proxecto formativo deberá ser formalizado con anterioridade ao principio da mesma.

- **IMPORTANTE:** caso de prácticas curriculares non remuneradas
 - Será a UDC quen deberá dar de alta e sufragar as cotizacions á Seguridade Social do alumnado en prácticas, polo que será necesario ter formalizado o proxecto formativo:
 - Se a práctica comeza na primeira quincena dun mes, o día 5 do mes anterior.
 - Se a práctica comeza na segunda quincena dun mes, o día 20 do mes anterior.
 - Será preciso que o alumnado que vaia facer prácticas nestas condicions provea do seu número de afiliación á Seguridade Social.

É moi conveniente que o alumno posúa sinatura dixital , de cara á axilidade na xestión da documentación.

4. Proceso para realizar e entregar os informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 592/2014

Unha vez que o [anexo I](#) está debidamente formalizado, sempre en data anterior ó inicio das prácticas, o titor académico remitira á entidade e ó estudiante o cal terá que inscribilo no seguinte enderezo: [PROCEDEMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS EPEF-FORMULARIO ALUMNADO](#).

No prazo máximo dun mes despois da finalización do período de prácticas, o tutor profesional da entidade entregará un informe na dirección de contacto (dirección de correo institucional da UDC do titor académico,) que conteña os puntos que se reflicten no convenio ([informe do titor profesional](#)).

No prazo máximo dun mes despois da finalización do período de prácticas, o alumnado deberá entregar ó titor académico a través do medio que éste estime, a memoria final do estudiante seguindo as pautas que se detallaren no convenio: [Modelo de memoria final de prácticas externas do alumnado.](#)

O titor académico avaliará as prácticas desenvolvidas cumplimentando o correspondente [informe de valoración.](#) Se é o caso, propoñerá unha cualificación para o período de prácticas curriculares. Entregarán mediante o formulario [XESTIÓN INFORMES TUTOR ACADÉMICO DE PRÁCTICAS EXTERNAS EPEF](#) os tres informes: informe de titor profesional, memoria do estudiante, informe de valoración de tutor académico.

5. Xestión administrativa das prácticas na EPEF, recoñecemento académico e acreditación.

A firma da acta de cualificación oficial corresponde ó profesor ou profesora coordinador/a da materia/s de prácticas de cada titulación. En todo caso realizarase de conformidade coa normativa vixente sobre firma de actas e sistema de cualificacións oficiais.

6. Garantía de calidad das prácticas


O Sistema Interno de Garantía de Calidade da EPEF articulará propostas de mellora para garantir a calidade das prácticas externas que realicen os estudiantes. Incluirán recollida e análise de información sobre o desenvolvemento das prácticas e a revisión da súa planificación.

Táboa de titos académicos de prácticas externas EPEF: a presente relación corresponde cos coordinadores de titulacións no curso académico no que se aproba este procedemento. Calquera modificación da figura da persoa coordinadora será actualizada e non será necesario a aprobación do dito cambio pola comisión académica.


| Titulación | Coordinador/a |
|---|--------------------------|
| materia: código, nome, cuatrim/carácter-créditos | |
| Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica (GENO) 730G05041 Prácticas en Empresa, 1C/Op-6 | Alicia Munín Doce |
| Grao en Enxeñaría Mecánica (GEM) 730G03050 Prácticas en Empresa, 1C /Op-6 | Jesús Cardenal Carro |
| Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (GETI) 730G04070 Prácticas en Empresa , 1C /Op-6 | Alberto Arce Ceinos |
| Grao en Enxeñaría Eléctrica (GEE) 770G02144 Prácticas en Empresa 1C/Op-4,5 | Manuel Ángel Graña López |

| | |
|---|------------------------------|
| Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática (GEEIA) 770G01061 Prácticas de Empresa 2C/Op-4,5 | Francisco Zayas Gato |
| Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica (MENO) 4496217 Prácticas Externas, 1C/Ob-3 4496229 Prácticas Externas Optativas, 2C/Op-6 | Lucía Santiago Caamaño |
| Máster en Enxeñaría Industrial (MUEI) 4497220 Prácticas Externas, 1C/Ob-4,5 4497241 Prácticas en Empresa Optativas, 1C/Op-4,5 | Manuel Jesús González Castro |
| Máster en Informática Industrial e Robótica (MUIIR) 770538037 Prácticas en Empresa 2C/Ob-3 | Héctor Quintián Pardo |
| Máster en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade (MUEES) 730547021 Prácticas en Empresa 2C/Ob- 3 | José Luis Casteleiro Roca |
| Máster en Materiais Complexos, Análise Térmica e Reoloxía Solo extracurriculares | Jorge José López Beceiro |
| Máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos (MUDDCV) 4529031 Prácticas Externas | María Luz Castro Pena |
| Máster SEAS 4.0 Solo extracurriculares | Marcos Míguez González |
| Máster universitario en Fabricación Aditiva (MUFA) 4550011 Prácticas externas | María José Abad López |

Fluxo para alumnado



Fluxo para empresa



Fluxo para
tutoría académica

